

5 / FEBRERO DE 2004 - NÚMERO 501

rdL REVISTA
DAS
LETRAS



Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Diseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo e S. Noia.
Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com

FOTOGRAFÍCAS

A censura e os atentados contra a creación artística recobran bríos. Criamos que a dinámica estaba definitivamente erradicada, pero segue aí, traducindo as tensións que sacoden por baixo a sociedade e as dificultades para exercer a liberdade. O último exemplo foi o de ‘Tinieblas’, unha exposición que organizou o Espai de Art Contemporani de Castellón e que pouco antes da súa inauguración se atopou coa oposición do conselleiro de Cultura da Generalitat, Esteban González Pons, a darré calquera publicidade ó proxecto, realizado polo propio director do centro, Manuel García. O conselleiro, ó parecer, considera que non é fácil distinguir entre a apoloxía e as críticas á violencia e que o subtítulo da exposición – “Poéticas artísticas da vio-

A violencia incómoda Censuras

lencia” – podía enfocarse como un apoio ós actos terroristas. A cambio, González Pons recomendáballe organizar unha exposición dedicada ós concelleiros ameazados por ETA, que patrocina a Fundación Miguel Ángel Blanco. Anque o conselleiro valenciano prohibiu a difusión das imaxes da exposición, Revista das Letras posuía o dossier de prensa que regularmente lle remite ó suplemento o centro e reproducimos neste número algunas das imaxes más suxestivas de ‘Tinieblas’, así como un texto que percorre e detalla os distintos artistas incluídos na mostra, que se exhibe en Castellón.



En pouco tempo, o Espaci d'Art Contemporáni de Castellón (EACC) converteuse nun centro referencial dentro do circuito peninsular, cun programa caracterizado pola esculca de novas vías de reflexión sobre a arte contemporánea pero tamén polo esforzo dos seus responsables para tener unha ponte –comprometida e atrevida– entre a sociedade e os creadores. A difícil liña que o Espai abriu nun panorama tan rutineiro e acomodado como o rexistrado nos últimos anos en España, encontrouse a semana pasada co inagardado cutter da Administración valenciana: pouco antes de inaugurarase a exposición '**Ti-nieblas. Poéticas artísticas de la violencia**', comisariada polo propio director do centro, Manuel García, unha orde da Consellería de Cultura da Generalitat manda secuestrala publicamente, impedía a súa presentación ós medios de comunicación, censuraba o catálogo e anulaba a habitual inauguración oficial.

Desde o departamento que tutela con man férrea Esteban González Pons, xustifícase a medida na escasa diferencia que, ó seu xuizo, existe entre a denuncia da violencia e a súa apoloxía. Tamén se apela ós numerosos casos de violencia doméstica e, sobre todo, ó terrorismo. Pons, neste sentido, foi explícito, recomedou unha mostra sobre os concelleiros ós que ame-

aza ETA e criticou que na exposición houbase fotos dun adulto ensinándolle a disparar a un pequeno. "A violencia", díolle o conseller ós periodistas, "non pode dar ningunha poética nin ningunha arte".

O director do EACC non quixo entrar na polémica pero tampouco dubidou en contestarlle ó conseller que a maior parte das imaxes violentas exhibidas poderían verse en programas de máxima audiencia das televisións públicas.

Por baixo das censuras ideolóxicas e da hipocrisia, o que subxace é a tensión política que actualmente se vive en Valencia e que desde hai meses está a provocar unha situación de incomodidade, semellante á que ocorre en Madrid entre a presidenta da Comunidade, Esperanza Aguirre, e o alcalde da cidade, Ruíz Gallardón. En Valencia, a tensión é entre o actual presidente da Generalitat, Francisco Camps, e o seu antecesor no cargo, Eduardo Zaplana, actual ministro de Traballo. No medio das súas liortas internas por controlar a cantera dos votos do PP quedou a política cultural, escenificando a lea nesta fronte a través dos seus respectivos representantes: o conseller González Pons e a directora xeral de Promoción Cultural, Consuelo Ciscar, esta última aliada de Zaplana e artífice dunha liña de intervención que propiciou o nacemento do propio EACC.



Pero ¿cales poden ser estes contidos para chegar a esgrimir accións tan lesivas para o exercicio da democracia como a censura? Sen dúbida, o tema da exposición está de plena actualidade, empezando pola guerra de Iraq e continuando pola sucesión de terribles conflictos –máis ou menos activos– que sacoden o mundo contemporáneo. Esa característica reflectiu-se tamén nas artes visuais e, concretamente, no contexto fotográfico a violencia estivo ligada á realidade cotiá e ó testemuño gráfico que os reporteiros daban dunha guerra, dun suceso ou dun magnicidio. Sen embargo, a presencia da violencia non se cinguiu á fotografía documentalista senón que se estendeu por expresións moi diversas: desde a violencia política nas fotomontaxes de John Heartfield á violencia bélica nas fotos de Capa, pasando pola violencia humana das fotografías de Sebastiao Salgado, na segunda metade do século XX.

A partir de aí, **Tinieblas** presenta unha selección de diversos artistas de distintos países que nos últimos anos traballaron o tema da violencia desde puntos de vista moi distintos, pero agrupados de xeito que a súa visión permita constatar que ese aspecto da vida humana ten unha presenza moi importante na arte actual.

A partir de criterios tan diversos como a

violencia histórica e política (Óscar Bony, Wang D, Paolo Gasparini, Francesc Torres), fetichista e social (Camen Calvo), delictuosa (Milagros de la Torre), publicitaria (Daniele Buetti), deportivo (Marcos Lora), atávica e corporal (Dieter Appelt, Daniel Joseph Martínez), marxinal (Arturo Cuenna), erótica (Silvia Usle), o que se tratava coa exposición era evidenciar unha preocupación ideolóxica, estética e persoal, herdada do século anterior que segue vixente no terceiro milenio.

A exposición comeza cun fotomural sobre a violencia histórica, política e social de América Latina a través da obra do fotógrafo italiano establecido en Caracas Paolo Gasparini, titulada "O rostro varrido" (1995). O tema da violencia política, cun carácter más autobiográfico, concrétase na fotografía do artista conceptual arxentino Óscar Bony e as obras "baleadas" nas series os '**Fusilamentos e suicidios**' (1996) e unha reflexión sobre a vida e a morte.

A violencia ten, así mesmo, un nesgo particular no deporte e más concretamente no boxeo, tema que tratou o artista dominicano Marcos Lora a través da figura histórica Joe Luis e os obxectos emblemáticos deste deporte e do contido violento e simbólico.

A mirada dos vagabundos, desposuí-



dos e marxinais na capital do mundo da riqueza – os “homeless” de Nova York – aparecen aquí vistos desde a perspectiva dun artista exiliado cubano como é Arturo Cuenca. Obras, non exentas de tenrura, como de dureza pola crúa realidade da rúa neiorquina dos “clochards”. Outras, resoltas, coa tecnoloxía moi avanzada para un tema secular como a pobreza nas grandes urbes do capitalismo.

A violencia fetichista e social nun diálogo entre a fotografía atopada e os útiles tradicionais da violencia marxinal – coitilos, navallas... – ten na obra contemporánea de Carmen Calvo unha lectura “sui generis” que amplía neste caso a dimensión das diversas violencias tratadas neste proxecto.

As pegadas, vestixios e probas do delito son a razón de ser da obra realizada ó longo dos últimos anos pola fotógrafa peruviana Milagros de la Torre na serie ‘Os desaparecidos’ (1998), onde se evidencia que a traxedia da perda da vida humana tras algún feito violento (asasinato, tortura, homicidio...) deixá sempre un rastro que conforma a proba do delito.

A guerra e os seus estigmas, o impacto que ten na humanidade e nos seus escenarios ten unha especial reflexión crítica na obra do artista catalán Francesc Torres. A súa obra expresa unha reflexión arredor

dos conflictos raciais, políticos e bélicos, espertando así a nosa conciencia do mundo privilexiado e pasivo.

O impacto da publicidade a través das marcas dos productos de consumo de alto ‘standing’ – a roupa, o perfume, o alcol... – ten na obra do artista suízo Daniele Buetti unha versión irónica da función que cumplen os “logos” publicitarios na sociedade de consumo contemporánea.

O corpo ferido, o home golpeado, o rostro impactado pola pegada da dor, teñen na obra fotográfica do artista de orixe mexicana Daniel Joseph Martínez unhaache-ga impactante da función que pode cumplir a imaxe cando reflexiona entre o pasado e o presente.

A violencia como cultura do sexo, a guerra, a velocidad, a loita da rúa e o símil do mundo animal ten nas instalacións do chino Wang Du unha expresión plástica entre irónica e realista, mentres a visión do corpo humano entre a vida e a morte ten, en termos expresionistas, unha aportación conceptual moi concreta na obra visual do alemán Dieter Appelt, como o mundo das “dominatrizes sexuales” teñen en Silvia Uslé –unha artista española afincada en Nova York– o ámbito da confluencia entre as profesionais no seu mundo cotián e cando entran a formar parte do imaginario dos seus clientes.



Un século chiscando o ollo

S. Noia / A.R. López

Mañá inaugúrase no Marco de Vigo a exposición ‘Fotografía e arte. Variacións en España 1900-1980’, coa que se completa a programación expositiva do trimestre no museo, centrada na fotografía do século XX e na súa dimensión cultural e artística. Nesta ocasión trátase dun percorrido histórico e visual sobre a fotografía en España entre 1900 e 1980, ano elixido como límite simbólico da transición á democracia en España pero tamén como un fito na evolución histórica da fotografía e á súa integración, xa que a partir dos anos oitenta, a fotografía convértese nunha manifestación máis do discurso da arte contemporánea.

Son 38 autores e más de 300 obras –moitas delas inéditas, e na súa maioría vintage ou fotos de época– que desde mañá amosarán no Museo de Arte Contemporánea de Vigo (Marco) as relacións entre fotografía e arte. Unha pluralidade de olladas desde e sobre o territorio español cos que tamén se pretende reflectir os cruceis entre distintos xéneros pictóricos/fotográficos como o retrato e a paisaxe, ou entre recursos plásticos e tecnolóxicos, e que por último invitan ó espectador a ser testemuña do que aconteceu na arte da fotografía no derradeiro século.

A exposición como unha oportunidade única para afondar no coñecemento das relacións entre fotografía e arte, entre o ollo do fotógrafo e o do artista, en tres vertentes: a fotografía subordinada ás artes plásticas, a fotografía como linguaxe artística independente, e a fotografía como ferramenta de traballo artístico.

Estes tres aspectos están amplamente representados na montaxe das salas, que segue unha ordenación en cinco apartados, a un tempo cronolóxicos e temáticos: desde as linguaixes fotográficas premodernas e as imaxes de tipos humanos e paisaxes de principios de século (Álvarez de Toledo, Campaña, Langdon Coburn, Mas, Ortiz Echagüe) pasando pola "fotografía moderna" dos anos trinta (Benítez, Bill Brandt, Cartier-Bresson, Casas, de Kassel, Krull, Munkacsy, Paniagua, e o galego José Suárez), á importancia da fotografía como testemuño documental e vehículo de propaganda na guerra civil española (Heartfield, Ángel, Misiones Pedagógicas, Reuter, Renau), e o grupo de fotógrafos da posguerra (Cuailladó, Frank, Juanés, Maspons, Pérez Siquier, Smith, Virxilio Vieitez, Vielba), con atención especial ó grupo TMM (Terré, Misericahs, Masats), integrado por tres dos fotógrafos documentalistas más importantes do noso país, e que realizaron dúas exposicións conxuntas en Barcelona en 1957 e 1959. A exposición remata con obras plásticas de artistas que utilizan a fotografía como vehículo expresivo a mediados dos anos setenta (Fontcuberta, García Rodero, Gordillo, Hidalgo, Llена, Millares, Pazos, e Valcárcel Medina).

Noutra das salas inclúise tamén, polo seu gran valor documental e simbólico, a reproducción da fotomontaxe realizada para o Pavillón Español da Exposición Internacional de París de 1937, obra de Josep Renau e colaboradores, con dúas figuras femininas como imaxe do cambio esperanzador que naquel momento se producía.

Desde o punto de vista museístico, a importancia desta mostra reside non só na magnífica calidade das obras expostas e na variedade de documentación complementaria, senón tamén no que supuxo de esforzo de colaboración entre distintas entidades: a coproducción do Centro Atlántico de Arte Moderna de Las Palmas e o MARCO de Vigo, coa colaboración, neste caso indispensable, de La Fábrica / PhotoEspaña. Non en van o comisario, Horacio Fernández, é na actualidade director artístico de PhotoEspaña 2004, o máis importante festival de fotografía no ámbito nacional.

Os límites cronolóxicos da mostra son, en palabras do comisario da mostra, o comezo do século XX e os anos da transición á democracia, un peche escollido non só polo seu significado simbólico, senón tamén por ser o momento no que a historia da fotografía deixaba de ter sentido como relato independente e pasa a se converter nun fragmento dunha narración más ampla: a historia da cultura visual en xeral.

Os traballois mostrados, en boa parte inéditos, provénen de coleccións privadas, que adoitan ser as dos propios autores ou das súas familias, así como de coleccións públicas: Archivo General de la Administración (Alcalá de Henares), Biblioteca Nacional (Madrid), Bill Brandt Archive (Londres), Center for Creative Photography (Tucson, Arizona), Fondo Fotográfico Universidad de Navarra (Pamplona), Georges Eastman House (Rochester, Reino Unido), Instituto de Crédito Oficial (Madrid), Instituto Valenciano de Arte Moderno (Valencia), Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (Madrid), Museu d'Art Contemporani de Barcelona, Museo de Pontevedra, Residencia de Estudiantes (Madrid).

Entre os temas tratados nas fotografías expostas atópanse as vistas urbanas, a paisaxe, os tipos populares, os tipos urbanos e marxinaias, as esceas turísticas, os documentais etnográficos, as montaxes de propaganda política, as imaxes de prensa, os retratos e mala documentación de accións e procesos artísticos.



Na páxina anterior, montaxe do equipo de Josep Renau para o Pavillón español da Exposición Universal de París de 1937. Nesta páxina, de arriba abaxo, 'Fermín cos seus fillos', de Cartier-Bresson; 'Sant Boi' de Terré; 'Xitana preparando a comida' de Bill Brandt



10 / FEBREIRO DE 2004 - NÚMERO 502


rdL

REVISTA
DAS
LETRAS



Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Diseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo e S. Noia.
Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com


MÁCARA



“Canto hai de acuático na Ulloa” –son versos de Xosé Luís Méndez Ferrín– concéntranse nas Torrentes de Mácaras, auga brava que o Ulla encaixa entre as montañas cando é aínda un río novo, pero xa espetacular. As Torrentes –un complexo de tres fervenzas con tres quilómetros de longo– é unha das oito marabillas naturais de Galicia, o último testemuño da natureza salvaxe dun río que nace no corazón do país e o cruza de leste a oeste ó ritmo solar. E é, precisamente, sobre esas Torrentes que pende a condena da súa desaparición, inminente xa tralo prace que a Xunta lle deu ó proxecto de Fenosa para construír un encoro hidroeléctrico en Frádegas. O proxecto suporá a práctica desecación do río no tramo e a conducción

As Torrentes de Mácaras A Galicia que imos perder

do seu caudal a través dunha canle artificial. As milenarias Torrentes converteranse en fósiles da memoria: a memoria do río e da propia Ulloa, que en Mácaras encontrou o fío conductor do paraíso perdido. Revista das Letras abre o encoro da tinta á auga e ofrécelles ós lectores as Torrentes no seu esplendor, convencidos de que aínda é posible impedir a súa extinción, porque sen Mácaras o futuro sería menos crible e nós confiamos no futuro do país. Este mesmo domingo, colectivos ecoloxistas e de defensa do patrimonio convocaron unha marcha reivindicativa nas Torrentes para reclamar o abandono do proxecto de Fenosa e a creación dun plan especial. Un descenso polas augas rápidas de Mácaras en piragua –coa compañía dos responsables de ‘Al filo de lo imposible’– e un roteiro a pé pola ribeira das fervenzas, conforman o programa dunha xornada que ten a súa cita ás once da mañá na parroquia de Ramil.



O lado animal

A vida tenue das augas bravas

X.M. Pérez Paredes

As Torrentes de Mácara, tamén coñecidas como as Torrentes de Ramil, conforman o conxunto de saltos máis longo de Galicia. Augas bravas arredor das que existe un espacio ambiental máis rico e salvaxe do Alto Ulla, con sete hábitats de Interese Comunitario e unha poboación animal que inclúe a lontra e importantes colonias de insectos. Este auténtico paraíso está a piques de desaparecer pola construción dunha central hidroeléctrica que deixará sen auga unha das más fermosas paisaxes fluviais de Galicia.

En Antas de Ulla, no centro xeográfico de Galicia, onde se xuntan as provincias de Lugo, Pontevedra e A Coruña, nace o río Ulla, que nos seus primeiros quilómetros por este e polos concellos de Agolada, Montedrongo e Palas de Rei rega coas súas augas e dálle vida a un dos mais fermosos vales de Galicia. Aquí aínda pódese ver o Ulla rebulideiro, o das Torrentes de Mácar-Ramil, e tamén podemos gozar da heranza que a través dos tempos conservaron para nos os nosos devanceiros: natureza, patrimonio histórico, etnográfico,... O que nós temos a obriga e o deber de preservar para os que nos sigan.

As Torrentes de Mácar-Ramil, son o conxunto de saltos mais longo de Galicia (case tres quilómetros) e un dos mais fermosos. De Austria, Alemania, Italia, Suíza,... venen a facer nelas descenso de Augas bravas por ser un lugar único en Europa. Entorno ás Torrentes conformase o espacío medioambientalmente máis natural, salvaxe e virxe do Alto Ulla, unha zona na que existen 7 Hábitats de Interese Comunitario (dous deles prioritarios). Aquí aínda podemos ver Lontras, Troitas, unha gran variedade de batracios e insectos, Hérbados, Sobreiras, Acivros, Caxigos, Bosque de Ribeira, e tamén patrimonio Histórico-Artístico e etnográfico como o Balneario de Frádegas, o Castelo de Pambre, Pazos como os da Ulloa, Chornese, Torrepene ou Campomaior ademais de Pontes, Muiños, Pesqueiras, etc. Non é de estrañar que solicitaramos a declaración de B.I.C., Ben de Interese Cultural para as mesmas. Non podemos esquecer tamén as augas mineromedicinais que flúen en varias fontes a carón do río, como a da Nosa Señora da Nai do deus do Leite, das súas augas nútrese o recen inaugurado Balneario de Pambre. En establecementos de Turismo Rural e lecer tense invertido máis de 6 millóns de ? soamente na Comarca da Ulloa.

Cando crearon a Rede Natura 2000 solicitamos a inclusión do entorno das Torrentes na mesma, solicitude que incomprensiblemente non foi tida en conta. Polo contrario desde os despachos dos políticos consideraron como Rede Natura 2000 unha zona, a do Monte Careón, a pouco mais de catro quilómetros das Torrentes, que ben podería telas incluído en Rede Natura. Nesta unha rara especie endémica "Anthyllis melidensis" (única razón para protexer este espacío), a duras penas malvive entre unha fábrica de produtos químicos, dúas canteiras industriais, un matadero industrial, unha fábrica de cemento, un Parque eólico, un polígono industrial (a maior agresión o Camiño de Santiago en Galicia), todo esto é a rede natura 2000 do Monte Careón a que divide en dúas partes a estrada Nacional 547. Se tan importante é medioambientalmente como se pode consentir esta convivencia. Protexese un espacío xa danado e degradado e a única zona virxe que nos queda no Alto Ulla tentana forzar coa construción dun encoro que secara as augas das Torrentes e a dunha autovía que penetre ata mancillar a súa salvaxe inocencia.

E de paso non lles importa agredir unha vez máis ó Camiño de Santiago, Si a autovía corta por dúas veces o Camiño Francés (primeiro en Palas de Rei e Logo en Arzua), e iso que está declarado pola Unesco Patrimonio da Humanidade; sendo o primeiro Itinerario Cultural Europeo e o principal recurso histórico-cultural e turístico de galicia. ¿É que esas dúas vías Camiño de Santiago e Autovía Lugo-Santiago non poden ir paralelas? Con todas as agresións que esta a sufrir o Camiño en pouco tempo esta ruta desaparecerá como tal para que unha autopista leve os peregrinos desde Roncesvalles a Compostela, ou pode que se constrúa un AVE para que tamén se peregrine en tren.

Parece que estamos a tolerar e a rematar con todo aquello que fixo que a través dos tempos nos considerara como seres humanos dotados de conciencia, sentido e sensibilidade, aquello que nos diferencia do noso ser animal. Aínda se está a tempo rectificar, tomar conciencia, de non causar un gran dano e de destruír o Corazón Verde de Galicia. ¿Quen decide o noso lado Humano ou o noso lado Animal?

"Has heredado una gran tierra. Cuidala"
(Campaña do Ministerio de Medio Ambiente 2004)



As Torrentes é un complexo de tres saltos que ocupan tres quilómetros do Ulla. As fotografías que acompañan este monográfico especial de Revista das Letras foron realizadas por Cristina Varela e Antón Lopo





[Xosé Luís Méndez Ferrín]

Ulloa, Novelúa, Vacaloura (esa terra que parte o mundo).
 Lama lombriga agora, que sentimos do saibo Ulloa.
 Visgos aborballan polos illós.
 A penas por Vacaloura algún golpe de natureza seca
 (éste no vén ao cabido).
 Veñen si, as señoritas que son ledas e procedían
 daqueles Pozos Piagos.
 Brincaran cos fillos nos encoros
 de tetas ao fresco da noite, foron mortas a tiro.
 Eran londras de mamai ou londras Ulloa mortas,
 todíñas todas en Novelúa mortas.
 Ao cabido por parte compareceron píntigas e hoste de arrás
 así como besbellos sapateiro esgaravellos bastiscafo
 sentaron con absoluta solemnidade en Novelúa porque eran
 partes interesadas. En canto á ephemera, ela
 foi de larva por que lle rendese o tempo.
 Lamas do fondo onde ondula canto hai de acuático na Ulloa
 vomitaron vida que fora ou é
 ao Cabido de Novelúa que este día non ocupan humanos.

[Daniel Salgado]

Na derradeira
 paraxe do verán outra volta escribiremos
 de setembro e a súa luz.
 para gardarmos qué mirar
 cando falten man e mar e saba e teñamos
 de quencer memorias
 do que desapareceu so os pés:
 o río.

para cando xa non saibamos daquela voz.

do sono e da vendima,
 acaso maniotas
 ou o espazo invadido de paíns.

onde se detén o verán
 pousaremos a imaxe das muras.
 convocados á memoria empachosa
 do que non flúe.

onde para o verán
 recolleremos pel e ideas.
 abriremos
 a cousa esta que chega.

(en mácaro, trinta de setembro de dous mil tres)

[Paulo Falcón]

Mácaro logo de Frádegas indo pra Pambre
 Seghindo dereitiño este monte chega aonda a auga cheira a ovo
 e á dereita un carreiriño
 Había un prado con alcolitros e houbo quen llos arrincou
 E a auga méxese pedra
 Escorrega polo río o musgo no pé na pena
 E a auga vóltase brío
 E o repouso de Frádegas, cos seus símbolos
 Tórnase forxa cóncava na conca que cavou o río
 E hai lagoiñas pró remanso e hai saltos e hai torrentes e hai moita
 forza no río
 Cada chorro de auga dá para medio documental dos que botan
 en "la dos"
 É impresionante a iauga q'aquí divo de correr para forxar este ca-
 miño

[Piscardo camiñante]

Debían ser 12, cuarta más cuarta menos. Unha ducia de rapases e rapasas daí... de quinse ou dasaseis anos, bueno, algúhn era mái għrandiño. Non, eran todos todos... Iban coas bolsas ó lombo. Iban así cagħħados cada un coa súa, eu, mi madriñha, eu non sei como rexian miñas pobres, iba unha piquiniña que botaba os bafos con este sol que ainda onte, mi madriñha, houben de morrer abrasada de tanta calor que fixo, que aínda dixo meu xenro, que estaba o volante do trator, de ser negħro e estar ó sol que non había quen o tocasse, e aínda poňéndolle trapos quentaba que fer-vían as mans e suaba e eu, que estou operada do corasón, que tienen unha astorclorosis, que aínda me dixo o doutor "mire usté es aún una suerte que siga viva, que porque con lo mal que usté iba i lo bién que nosotros la hemos degradado, es un milagro de nuestro señor".

[Un piragüero]

Deser un río é como unha viaxe iniciática cara ó desconhecido. Entras nunha dimensión nova, muda a paisaxe, cambian as formas e os cheiros. Se tes sorte o picapeixe saudarate coas súas vivas cores, ou veras a lontra, curiosa, ou a garza real erguer o voo temeroso dos novos habitantes do río. O río está cheo de vida, de forza, de cor. Vas baixando de vagariño, deixándote levar pola auga. Pouco a pouco escutas o ruído da auga precipitándose contra as rochas, cada vez más forte. É o sinal. Agarras con forza o remo e fúndelo na escuma, deixando de tras de ti o medo. Que teñas unha boa viaxe, irmán. Que a auga te leve moi lonxe.


'In memoriam' do Arnego, do Pambre e do Ulla.

[María do Cebreiro]

Do que falan os signos é das fendas.
 As estradas son fendas. Dí o sabio que o verán
 simboliza a invernía, que o sol puxo na neve
 o dedo índice. En ningún caso fala
 de enxendar. Iso quere dicir
 "non hai orixe". (El perdeuse no bosque.
 Eu non chamo por el). Escribo contra vós.

[B. Santalla]

Ulla,
 adival funámbulo en Mácaro,
 brinco de troita en Frádegas,
 corpo de lontra en Chorexe,
 muíñeiro no Corgo,
 e serpe santa en Vilapopre,
 Ulla son...



[Braulio Vilariño]

Meu querido Ramón: espero que cando estas letras cheguen ó teu poder, todo estea do mellor en New Jersey, nese teu barrio que é coma un recanto de Galicia; que os negocios marchen ben e na familia sigades tan felices coma sempre. Seguro que estarás sorprendido de que che escriba dende Galicia, e mais ainda dende Chorexe, onde nos vímos na túa visita de hai sete anos. ¿Lembras que demos aquel fermoso paseo dende Frádegas a Ramil, baixando pola beira do río? Era marzo e as Torrentes de Mácara estaban fermosísimas coa primavera que agromaba en cada recanto. Aquel paseo propiciou a volta á nosa nenez, con todas as memorias das vivencias nos estíos que eu pasaba na casa dos avós, sempre atrás túa, meu tío preferido, case un irmán pola proximidade da idade—¿Lembras que sempre queríamos levar as vacas para a Chousa do Muíño? Allí parabán soas e así, mentres íamoss á beira do río para nadar nas pozas e deixarnos esbarcar polas limosas rochas (xa nos anticipabamos ós modernos parques acuáticos), sentíamoss a intensidade do sabor daquelas troitas que aprendemos a pescar á man, e que despóis asabamos nas Penas do Reloxio do Monte de Cabana.

Meu querido Ramón, dende aquel día non deixei de darlle voltas á cabeza a esas lembranzas do paraíso perdido, e unha idea foise fixando en min, a de volver á terra, si de vez, para morrer nela cando a hora me chegue, pero fundamentalmente para vivir, respirar, desfrutar, e loitar por conservar o que queda. Agora que xa estou aquí, na casa nosa, quero que sexas o primeiro en sabelo: merquei a casa dos avós, recuperei na, pois nunca puiden soportar que túa irmá e tíña vendera. No traballo pedín a prexubilación, contra os desexos e parecer de Ingrid e os nosos fillos, e deixo Dormundt, a fábrica e a gris vida da Alemaña. Os rapaces xa teñen a súa vida laboral resolta, á tíña dona nunca lle gustou Galicia e á parte dos fillos, cada vez temos menos en común, así que o teño moi claro.

Vou arranxar un pouco a casa, mercarei dúas ou tres vacas do país (que agora case nin che deixan ter) e cada tarde cunha vara de caxigo, un macutiño e unha fouce, irei polo Monte de Cabana entre as rochas dos petróglifos (aquele noso reloxo que nos facía chegar tarde) de cara á chousa do muíño, alí onde non chega máis barullo que a música da auga e o zumbido dos insectos. Tumbareime nun leito de fentos e seguiréi o voo dos aguiúchos, e non voltarei para casa ata que a curuxa ceibe o primeiro chíu da noitíña.

Na aldea case nin queda xente, os rapaces seguen a emigrar (non van tan lonxe), pero Madrid, Vigo, A Coruña, son vilas que levan os novos, porque aquí seguen sen ter futuro, e supón un esforzo moi grande tratar de abrirse camiño no interior da Galicia rural. Nas tíñas idas e voltas por aquí fun coñecendo algúns xente nova, mesmo algúns que non son naturais da zona, que apostan por quedar e loitar por esta terra. Todos me acollerón moi ben e fan que non me sinta tan só. E dígoche Ramón que agora especialmente é moi importante loitar por esa terra.

Xa sabes ben como é a cobiza sen límite do capital, e dos seus servos que en nome do progreso, e contando con que Deus está da súa parte, son capaces de destruír a propia obra de Deus con tal de sacarlle beneficio económico. Pois o caso é que nas Torrentes, nas nosas torrentes, queren fazer unha central eléctrica (din eles unha minicentral, fonte de enerxía limpia...!!), e por uns quilowatios más que poderán vender as eléctricas, están disposto a acabar cun dos lugares más fermosos do noso país, con ese río Ulla que é o verdadeiro berce de Galicia, o noso río sagrado, Gánxas da Fisterra europea, testemuña da nosa historia colectiva e persoal. E eu rebélome Ramón. Tomei unha decisión transcendental ó virme para aquí. Non quedan moitos para facer fronte a esta desfeita, os vellos morren antes de pena por un mundo que se lles perde, moitos dos novos prefieren a cómoda vida materialista da urbe e o consumo, ós do noso tempo dálles case vergoña ser da aldea, e o que queren é un bo coche, e o peto cheo de billetes. Pero aínda así, imónos xuntando un bo mangado de persoas para opoñernos ó suicidio do noso pobo e da nosa cultura. Non é só a presa, senón que tamén proxectan fazer unha auto-vía, como non, unha fenda de asfalto que servirá para aforrar dez minutos de tempo nun traxecto de cen quilómetros. E ¿sabes Ramón? Esta auto-vía pasará pola nosa pedra do reloxo, por riba das torrentes coa súa moderna presa, pasará polos nosos agros e polo castro da nosa aldea. Polas noites escotáremos o bruar dos motores en vez do chíu da curuxa.

Pero eu non me vou render, Ramón. Quedo eiquí. Están as árbores, o río... Pero, sobre todo, a memoria dos nosos, os de Toande, os de Pidre, os de Chorexe e Cabana. Meu tío e irmán querido, como dicía aquela canción: "Por se queres escribirme, xa sabes o meu paradoiro, na fronte do Alto Ulla, casa do Arrieiro de Chorexe, a Ulloa, Galicia". Se tes uns días, vente. A casa e o corazón están abertos.

Cristina Varela Cadahia, membro de boa parte das plataformas de defensa patrimonial da Ulloa e estudiosa do patrimonio histórico da comarca, especialmente dos petroglifos do Monte Farelo, un dos principais xacementos de gravuras de Galicia, pon en escena neste artigo unha ópera sobre a traxedia das Torrentes de Má cara e dos encoros, en xeral, que se pretende construír na canle do río Ulla. “A Ulloa enteira”, escribe Cristina Varela”, “sabe, e non quere esquecer, que o río e as súas Torrentes forman parte dese conxunto de cousas que se leva no corazón e que, cando unha lei as protexe, danlle o nome de Patrimonio.

Patrimonio da Ulloa

[I Acto: A historia]

No final da década dos noventa, como consecuencia das graves secas que se produciron na metade sur da península, a escena política debate unha serie de medidas materializadas na actual Lei de augas e no Plan hidrolóxico nacional, tristemente famoso, este último, por contempla-la creación do transvasamento do Ebro.

[II Acto: Concienciación]

Paralelamente a este proceso político, xorde na sociedade unha concienciación do problema que supón a xestión eficiente da auga, problema que na actualidade, non só formula ó non dilapidación senón tamén a necesaria conservación da boa saúde de ríos e ecosistemas fluviais que garantan a calidade da auga.

A sociedade galega, que sufriu como ningún a política hidrolóxica da dictadura, comeza tamén a ser consciente dos danos irreparables que produciron os grandes encoros:

a cor verde das augas mortas, as inevitables néboas, a beleza e vida asolagada...

[III Acto: Mobilización]

A xente xa non quere encoros, nin grandes nin pequenos. A Xunta sábeo, Fenosa sábeo. De aí esa táctica rastreira, ese intento de agochar proxectos anegadores baixo o nome de minicentrais co fin de evitar a mala prensa que dá chamarilles ás cousas polo seu nome.

A xente non quere encoros, e sae á rúa para defender o seu, non porque sexan ecoloxistas, senón porque o río, o seu río, é algo mais ca unha canle con auga. Corenta anos despois de Belesar, A Ulloa enteira sabe, e non quere esquecer, que o río e as súas Torrentes forman parte dese conxunto de cousas que se leva no corazón e que, cando unha lei as protexe, danlle o nome de Patrimonio.

Cristina Varela

Nota: A versión ten a súa propia banda sonora: "E lucevan le stelle" (Tosca-G. Puccini)



PAG: F12SR11 -- EDI: FEB12



19 / FEBREIRO DE 2004 - NÚMERO 503

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



ELLIOTT ERWITT

2 | **r<**

Galicia Hoxe 19/02/04



Pasa Elliott Erwitt (París, 1928) por ser un dos grandes. Un dos grandes da Axencia Magnum, a mítica axencia de fotografía fundada por Cartier-Bresson, Seymour e Robert Capa que abrollou ante a falta de liberdade que daquela, sobre o ano 1947, tiñan os fotógrafos en prensa. Unha retrospectiva a través de 121 fotografías realizadas polo autor entre 1946-2001 e comisariada por Catherine Coleman para o Museo Reina Sofía de Madrid inaugúrase hoxe en Compostela: irónicas, anódinas, simpáticas, bonitas, graciosas como un xogo dende o lado doce da vida pero tamén de contida mirada crítica, coas composicións sobre o racismo ou o campo de concentración de Auswitch. A cultura do coche, do motel en fotografías que volven ó cotián e nas que Erwitt dá mostra da súa grande habilidade para as conexións visuais. Un neno pendurado dun tranvía barcelonés en 1951 ou outro neno nunha furgoneta en Moscova no 1957. Robert Frank no 1952, bailando na cociña da súa casa en Valencia ou, o mesmo ano, o silencio dunha rúa de Orleáns. Un aeroporto das Bermudas. A loita entre o coche e o ferrocarril, nos anchos espacios de Wyoming. A nai de Robert Capa sobre a tumba do seu fillo. O amor nun retrovisor. O racismo do KKK. Museos, e nun deles, en Venecia, o reflexo do sol borrando os cadros. Cans. Eric Ambler, como nunha das súas novelas, por unha rúa chuviosa do Londres da guerra fría. Marilyn. Un pai levando o seu fillo en bicicleta, por unha estrada de Provenza, xunto coas baguettes: imaxe definitiva e intemporal tomada no 1955. E que Erwitt segue, día a día e dende a súa residencia en Nova York, coa súa cámara pendurada no pescoco tomando imaxes; revelándose dende a vertente más humanista, desbrozando idilio e máscara como as fotografías da típica familia de clase


O lado irónico da vida

media norteamericana. "Nunca cae na ridiculez da persoa que retrata", mantén Marta Dahó, responsable de exposicións da Axencia Magnum sobre este autor que a pesar de nacer en París un 26 de xuño de 1928, pasou a maior parte da súa infancia en Milano para logo emigrar a Nova York e establecerse nos Ánxeles no 1941. O seu interese pola fotografía comezou cando era un adolescente en Hollywood. Considerado un pretixioso membro dende que aceptara a invitación de Robert Capa no 1953 para participar na Axencia Magnum, foi o seu responsable durante varios mandatos nos que non deixou non de publicar ensaios xornalísticos, ilustracións e anuncios, así como a rodaxe de películas. Autor de obras como 'Europa oriental' (1965), 'Fotografías e anti-fotografías' (1972) ou 'Entre los sexos' (1994) ou 'Cans, cans' (1998) é case un neno maior que xoga visualmente. Da Axencia Magnum, que conta na actualidade cunha nómina de sesenta autores, volverase ter noticias en Galicia a través das fotos do francés Jean Gaumy que, como moitos membros que no pasado se interesaron polo noso país –como a fotógrafa Inge Morath. Gaumy mostrará o seus traballos sobre a pesca tradicional e a súa experiencia en alta mar logo de enrolarse no barco galego 'Rowantea'. Hoxe Erwitt ensínanos parte das horas da vida; da súa doce experiencia a través das fotos que extraemos do catálogo 'EE 60/60': Nova York, 1955 –na páxina 2–, Carolina do Norte, EEUU, 1950 (páxina 4-5) e Bailaríns de Tango, Finlandia, 2001 (páxina, 6). O resto das imaxes corresponden a edicións illadas e imaxes de Internet. As fotos da páxina 7 corresponden a Jackie Kennedy, Arlington, Virxinia, 1963 e, á dereita, Nova York, 1974. As da páxina oito, arriba, 'Na rodaxe de The Misfits, Reno. Nevada, 1960

4 | rdl

Galicia Hoxe 19/02/04





Entre bastidores

E. E. Fotografías 1946-2001

Catherine Coleman

A principios dos anos 50, Robert Capa convidou a Elliott Erwitt a que unira á axencia fotográfica Magnum, fundada por David Seymour, George Rodger, Henri Cartier-Bresson e o mesmo Capa en París en 1947. Desde a súa creación, a Axencia Magnum promoveu o fotoxornalismo directo sen manipulación, e defendeu os dereitos de autor dos fotógrafos. Erwitt mantense fiel ós principios fundacionais do documentalismo fotográfico da Axencia Magnum, e hoxe en día pódese considerar un clásico da axencia. Sen embargo, hai dous factores na obra de Erwitt que o diferencian do resto dos seus colegas da Axencia Magnum: primeiro, a inclusión de elementos autobiográficos, e segundo, a súa impronta persoalista, o uso intelixente do humor, nunca malicioso, para sinalar os disparates humanos ou, simplemente, para provocar un sorriso.

Os seus coñecidos, e os membros da súa familia, cans incluídos, entran e saen do escenario sen que os identifiquen. Erwitt mesmo aparece en escena, como mostra o seu autorretrato reflectido nun espello, irrecoñecible porque a cámara lle cobre a cara. Neste caso, el está literalmente tralo escenario. Ocasionalmente, a súa sombra delata a súa presencia, como no famoso autorretrato de Lewis Hine de 1908, un exemplo perfecto de cómo un autorretrato revela a persoalidade precisamente polo que omite. A falta de pretensiones de Erwitt permitele penetrar nas personalidades e ser testemuño dos eventos entre bastidores.

O fotógrafo non pon títulos a súa obra, limitando a información ó lugar e á data. Só cando retrata á figuras públicas, identifica ó retratado (Marilyn Monroe, Grace Kelly, Jacqueline Kennedy, Che, Castro, Nixon, Khushchev, etc.). Fotografiou a figuras literarias, entre elas o poeta Willian Carlos Williams, Yukio Mishima xusto antes do seu suicidio, Simone de Beauvoir, Jack Kerouac e a fotógrafa da época da depresión, Dorothea Lange. Non obstante, Erwitt respecta o anonimato do retratado, inclusive el mesmo, outorgándolle preferencia á interpretación, tanto á soa como á súa, do contido da imaxe. A imaxe fala por si soa, como nas elocuentes fotografías de figuras solitarias no entorno urbano, sexa en París, Londres ou Nova York.

A súa visión optimista da condición humana e

ra recentemente, e o país atopábase inmerso na retórica anticomunista de McCarthy e as súas listas negras, especialmente virulentas contra os artistas 'rojos' e a comunidade liberal. Estados Unidos estaba en busca dunha identidade "americana", definida polos valores WASP (branco, anglosaxón e protestante) que rexitaban todo aquelo que fose diferente. No aspecto artístico, incluso o estilo pictórico made in America, o expresionismo abstracto estaba baixo sospeita por non ser arte representativa e por ter a súa orixe no surrealismo europeo. Calquera cousa xulgada como antiamericanas levantaba suspicacias. Elliott Erwitt enfróntase a esta atmosfera sufragante con humor, a diferencia da crítica agresiva que utiliza Robert Frank en obras como 'The Americans' (1958), con textos tan elocuentes como o que acompaña a fotografía de Port Gibson, Mississipi, 1955: "...he must be a communist. Why don't you go to the other side of town and watch the niggers play?". Unha das catro fotografías de Erwitt na exposición 'The family of Man', e moi pouco coñecida, é unha imaxe de dous homes de raza negra, un deles un predicador. As relacións raciais tensaban en Estados Unidos, e Erwitt enfrontouse ós prexúzos acentuando a universalidade da dignidade humana. Erwitt non denuncia a inxustiza social, como moitos outros colegas fotoxornalistas. Con moita sutileza, simplemente limitase a expor o obvio, xa sexa a deficiente ins-



o humor impregnán a obra desde a primeira fotografía que tomou en 1946. Erwitt evita recorrer á caricatura excepto cando é demasiado obvio, como nos mostra 'Nova York, 1976' ou a fotografía dos individuos enmascarados e a figura desenmascarada ó fondo. Tamén usa o humor para introducir sutilmente unha críctica social, e suavizar a fricción entre forzas encontradas que poñen de manifesto as súas mutuas contradiccións.

Pouco despois da súa incorporación á Axencia Magnum, Erwitt foi convidado a participar con catro fotografías na famosa e moi americana exposición 'The family of Man', organizada por Edward Steichen no Museum of Modern Art de Nova York en 1955. Foi o maior evento para a fotografía nos anos cincuenta, e propiciou a súa incorporación á cultura popular, abrindose ademais ás portas do museo (norteamericano) como forma artística de pleno dereito. As fotografías seleccionadas facían fincapé na humanidade en xeral, un enfoque sentimental e sínxelo deostado hoxe en día polos seguidores da estética da desilusión ou decepción. A exposición que estaba destinada a un público amplio, viñou por todo o mundo e exhibiuuse tamén en España.

É importante recordar o Zeitgeist dos anos 50 nos Estados Unidos. A Guerra de Corea termina-

talación dunha fonte de auga para negros (entón chamados "colored") ou a interpretación literal da tese "separados pero iguais" (inclusive nos aseos) das relacións raciais, mostrando a segregación no sur de Estados Unidos, coa separación entre homes brancos e negros. O fotógrafo deixa que a palabra "white" fale por si soa cando os homes negros se apoian no cartel que anuncia "Griffin Allwhite". Ou cando á carón do cartel, na entrada do congreso do Ku Klux Klan no que se le "Welcome All Klansmen, Friends and True White Patriots" ("Benvidos membros do Klan, amigos e verdadeiros compatriotas brancos") vemos a unha nai orgullosa que leva o seu moi branco fillo vestido como o seu pai coa túника do KKK. En 1997 retrata a unha nena loira de seis anos, a típica beleza sureña (Southern belle) cun sofisticado peiteado e maquillada para a ocasión. Ela é moi consciente da presencia da cámara, e mostra o seu mellor sorriso mentres lle dá as costas a unha nena negra, con sandalias de plástico, que mira fixamente ó obxectivo. A nena loira está a punto de competir como a candidata número 91 nese fenómeno tan americano que é o concurso de beleza.

Pero Erwitt non sempre se mofa da beleza. O retrato de Grace Kelly con ramillete é xustificada

mente famoso, e o fotógrafo dispensa tamén o mesmo trato ó mellor amigo do home, o can. A pose do borzoi é tan elegante como a de Grace Kelly, como tamén o é a do caniche francés no concurso canino británico. Incluso os cans poden ter mellores pernas.

Erwitt ten unha bibliografía extensa de obras publicadas, coñecedor de que a publicación é a galería de arte do fotógrafo. Dá renda solta ó seu agarimo ós cans no seu libro 'To the Dogs' (1992), con imaxes cómicas dun Yorkshire terrier e un bulldog inglés. Na serie 'On the Beach' mostra a harmonía do amor a través dos contrastes, como por exemplo, a parella amish charlando cunha parella máis contemporánea na praia, en 'The couples', ou a diferenza entre unha voda nudista coa prometida vestida únicamente cun velo e a voda de Pau Casals coa súa muller Marta. O fotógrafo leva traballando nestes temas durante unha década, como ilustra a imaxe da parella bailando nunha cociña en Valencia (1952) ou o momento fugaz que vive o home e a muller bailando o satumaa finlandés ou tango, tomada no 2001. Erwitt é un romántico de corazón, pero rise da institución do matrimonio ('She got me this morning but I'll get her tonight', 'Pilláronme esta mañá, pero eu pillareina esta noite') e da típica familia americana dos anos 50.

O fotógrafo vixía a percepción do espectador (Museum Watching, 1998). A conducta do público nun museo a veces parece non ter sentido, e ignorar o obxecto artístico que alí se expón, ou interesarso naquilo que non está. Os espectadores poder ser dous homes discutindo sobre dous lenzos en branco nunha galería de arte ou unha muller soa contemplando a 'Maja vestida' de Goya rodeada pola algarabía masculina fronte a 'Maja espida'.

Elliott Erwitt deixa de lado o seu ton xocoso cuando retrata episodios que tocan coa súa propia vida. Grande admirador do seu colega Robert Capa, morto en Indochina no 1954, tomou a comovedora fotografía da nai de Capa, Julia Friedman, abrazando a lápida da tumba do seu fillo inscrita en inglés e hebreo. En 1964 rememorou o campo de concentración de Auschwitz en Polonia cunha fotografía elocuente, silenciosamente bela pola perspectiva da vía de tren abandonada entrando no campo baleiro, cun panorama iluminado pola primeira luz da mañá. Elliott Erwitt foi fotógrafo acreditado da Casa Branca durante a breve presidencia de John F. Kennedy e tomou a tráxica fotografía de Jacqueline Kennedy no cementerio de Arlington, en novembro de 1963.

A formación de Elliott Erwitt como fotógrafo, os seus valores e iconografía teñen unha orixe nos anos 50, e mantívoo ata hoxe. Dous elementos básicos do estilo americano de vida, a televisión e o automóbil, están presentes en toda a súa obra.


O automóbil representa a cultura da estrada, a publicidade e o motel, e moitas imaxes refírense a ela. Erwitt foi fiel ós principios estéticos da Axencia Magnum e contribuíu á creación dunha tradición fotográfica. Tamén recolleu os valores humanos fundamentalmente exaltados en 'The family of Man'. É un observador persistente do panorama americano, e, por suposto, non só deste. Na apropiada observación do escritor Richard Hattersley, Elliott Erwitt "logrou que a comedia humana sexa máis doada de sobrelevar"



26 / FEBREIRO DE 2004 - NÚMERO 504

rdl

**REVISTA
DAS
LETRAS**



A IMAXE NA ERA GLOBAL

Obrigado é o balance: nenos que confeccionan roupa no chamado Terceiro Mundo; experimentos con medicamentos en poboacións que ignoran os efectos secundarios, prácticas laborais de escravitude e semiescravitude, destrucción masiva do medio ambiente, golpes de estado, fraudes electorais. Datos documentados e denunciados que abrollan tralo 'laissez faire' das multinacionais que invisten sumas millonarias en potenciar a imaxe das súas marcas. Pola contra, aforran nas condicións de produción arrastrando condicións laborais deplorables, pobreza e constantes violacións nos dereitos humanos. Eis o supermercado global: "É coma se no xadrez se crearan novas regras de xogo", escribe o sociólogo Ulrich Beck nun ensaios sobre as multinacionais. "Dadas as condicións impostas pola mobilidade tecnolóxico-informativa, o peón –a economía– convértese repentinamente en cabalo e pode atacar incluso ó rei –Estado– ata darralle xaque mate". No expositor de conxelados exlíbense materias primas baratas do Congo ou entre as rebaixas aparece man de obra barata de Tailandia. ¿Chegaremos a comprender un día que os muros que se erixen en torno a Europa e as nosas posicións son os muros da nosa propia prisión? A pregunta lánzala Werner e Weiss no 'Libro negro das marcas' (Debate, 2004) do que a RDL extraeu o perfil escuro dalgunhas empresas globais que, por mor da devandita edición, constituiron non poucos gabinetes de crise. As firmas occidentais non só explotan a millóns de tra-

Supermercado global

balladores, senón que exercen un control absoluto sobre a riquezas naturais de numerosos países. O mundo ó revés: Angola, Brasil, Indonesia, Congo e Nixeria, igual que os países en vías de desenvolvemento, posúen unha reserva case inesgotable de tesouros naturais. En calidade de 'propietarios' destes recursos, son obxectivamente moito más ricos que a maioría dos países industrializados. Cada día morren 100.000 persoas a consecuencia da fame. É máis. Actualmente cifrase que a cantidade de escravos e traballadores forzados ascende polo menos a 27 millóns de persoas en todo o mundo. Algunhas estimacións falan de cen millóns. En África occidental, nos últimos anos, arredor de 200 mil nenos foron vendidos como escravos para ser explotados en labores domésticos, talleres e plantacións. A obtención de recursos e enerxía nos países pobres adoita levar aparelladas condicións inconcibibles na Europa Occidental, como a construción de grandes centrais eléctricas que provoca a expulsión de millóns de persoas dos seus fogares sen recibir un resarcimento axeitado. Nas minas de ouro úsanse substancias tóxicas que levan á destrucción total de certos hábitats. Algo semellante ocorre coa produción petroleira, debido á aplicación de tecnoloxías obsoletas. E peor aínda: nas zonas conflictivas, e no caso de dictaduras como a de Angola, Myanmar (Birmania), Congo e Sudán, afamadas marcas internacionais, coas súas compras de materias primas, financian e sosteñen o tráfico de armas, as guerras cívicas, as insurreccións e ferozes réximes militares. Eis a advertencia.



rdl | 3
Galicia Hoxe 26/02/04

Nike

Tralas preciadas zapatillas

Cando os centros de compra especialmente ambientados (os denominados 'Nike-Towns' ou Cidades Nike) lanzan un novo modelo de calzado, os mozos acampan fronte ás portas cos seus sacos de durmir para ser os primeiros en conseguir as preciadas zapatillas. A isto hai que engadir que mentres o presidente de Nike, Phil Knight, é multimillonario, a costureira dunha fábrica provedora, por exemplo a de Welco, en China, gana uns 17 céntimos de euro por hora. En xaneiro do 2001 recaeron acusacións sobre Nike por causa da situación na fábrica mexicana de Kukdong. O problema eran as medidas represivas e os despedimentos ilegais rexistrados en masa contra empregados que protestaban polas condicións laborais. No ano 2000, alí fabricáranse arredor dun millón de camisolas deportivas para Nike e 40.000 pezas para Reebok. Por mor das protestas internacionais, Nike formou unha comisión investigadora, que cita testemuños de traballadores que afirman que mozos de trece e catorce anos traballan en Kukdong. Ademais a comisión sinala casos de acoso sexual. A dirección da empresa nega estas imputacións. Así se manifesta Nike ante a nosa consulta: "Moitas das imputacións son infundadas". Pero agrega: "Ningunha fábrica é perfecta; cremos que podemos ir mellorando día a día os lugares de traballo". O director de asuntos globais escribe que este é o motivo polo que nos dous últimos anos se realizaron esforzos tendentes a introducir melloras en canto á idade dos traballadores, ó salario e a calidade do aire nas fábricas. Entrementres, debido ás protestas, a empresa tivo que aceptar a creación dun sindicato independente e dar marcha atrás nos despedimentos. En febreiro de 2001, Nike volvou ocupar os titulares: unha investigación levada a cabo en nove fábricas de Indonesia revelou a existencia de denuncias masivas a causa do acoso sexual e os maltratos físicos ós cales están expostas as operarias. En marzo do 2003 apareceu o informe 'We are not machins' (Non somos máquinas) dun grupo de traballo internacional de organizacións pro dereitos humanos, en que se reproaba a Nike e Adidas que os costureras de Indonesia cobrasen salarios de só dous euros diarios. Por iso víanse obrigadas mesmo a enviar fóra da casa ós seus fillos, porque xa non podían alimentalos. Traballadoras que se incorporaron a sindicatos independentes tiñan que "temer o despedimento, o cárcere ou a violencia física". Fálase, ademais, da existencia de condicións de traballo perigosas e de discriminación sexual de mulleres, que, durante a menstruación, tiñan mesmo que espirse ante os médicos da empresa para demostrar as hemorrxaxias.

Monsanto

A cúpula na rede de transxénicos

Monsanto é unha multinacional norteamericana con tradición. Os seus principios remóntanse ó ano 1901, cando iniciou en St. Louis a fabricación do edulcorante artificial sacarina e do estimulante cafeína. En 1960 comezou a produción de herbicidas. En 1982 Monsanto conseguiu, por primeira vez, modificar xeneticamente unha célula vexetal, desde ese momento a multinacional ocupouse da produción de alimentos xeneticamente modificados. Esta empresa tamén é tristemente famosa pola comercialización de hormonas do crecemento para animais (BGH), que non foron admitidas en Europa, pero en EEUU se usan de forma frecuente. A hormona non é producida por Monsanto, senón pola Biochemie Kundl, no Tirol, unha empresa filial da multinacional farmacéutica Novartis. Ata o ano 2002, Monsanto desenvolveu tamén medicamentos, entre eles o antirreumático Celebrex. Probablemente a causa do potencial de venda deste medicamento, Monsanto foi adquirida en abril do 2000 pola multinacional farmacéutica Pharmacia, que, sen embargo, foi absorbida en xullo do 2002 pola maior multinacional farmacéutica do mundo, Pfizer. O mesmo mes Pharmacia/Pfizer desprendeuse de Monsanto, que desde entón volve a ser o consorcio independente. Greenpeace acusou a Monsanto en xuño do 2003 de "enriquecerse a conta de pequenos campesiños de países pobres", concretamente con axuda do "roubo por patente". A multinacional actúa do seguinte modo: unha clase de trigo tradicional, cultivada por campesiños indios e coñecida polas súas especiais propiedades de cocción, foi cruzada con outra clase de trigo, e esta 'descuberta', xunto coa masa e as galletas foi rexistrado na Oficina de Patentes Europea. No verán de 2002, un tribunal turinés anunciou a apertura de investigacións contra dez consorcios que comercializaban sementes de plantas xeneticamente modificadas, entre elles Monsanto. A imputación era a seguinte: as multinacionais utilizaran en Italia millo xeneticamente modificado, áinda que estaba estreitamente prohibido por lei. E o diario estadounidense Wall Street Journal informou en abril do 2002 que xa había varios anos que Monsanto proporcionaba a agricultores estadounidenses sementes de canola que segundo a lei nunca debesen saír das salas do laboratorio. Investigacións desde 2002 manteñen que o uso de hormonas de crecemento na cría de animais supón un risco para a saúde das persoas e que o emprego multiplicado do herbicida Roundup conduce a un aumento do número de malformacións durante o embarazo. É Monsanto quen está detrás da demanda presentada por EEUU contra Europa para admitir os OMC



Mc Donald's

O imperio da hamburguesa

As 30.000 sucursais con que conta aproximadamente o imperio da hamburguesa xa están distribuídas ó longo de 118 países. Diariamente aténdese nelas a máis de 6 millóns de clientes. O 36% dos ingresos da multinacional provén de Europa. A maior cadea de restaurantes do orbe é, ó mesmo tempo, o maior comprador mundial de carne de vacún. En Sudamérica, enormes superficies de selvas tropicais succumbriron ante a necesidade de obter terras de pastoreo para o gando desta multinacional estadounidense. A carne que hoxe se serve nas 5.200 sucursais de Europa procede de rezes do continente. Sen embargo, toneladas de forraxe impórtanse de países onde gran parte da poboación sofre fame. Alí destínase enormes superficies agrícolas ás forraxeiras en detrimento da produción local de alimentos. McDonald's non só vende hamburguesas, senón tamén Happy Meals, na cal os nenos reciben, xunto co menú, personaxes de Disney. No ano 2000, unha agrupación de consumidores de Hong Kong publicou un informe sobre as prácticas en cinco empresas proveedoras de McDonald's que fabrican os bonecos da Happy meals ("Caixinha feliz"). O informe fala de traballo infantil e de documentos falseados nos cales os traballadores figuran cunha idade superior á real. Por oito horas de traballo, reciben aproximadamente un euro e medio. Pero xeralmente ten que traballar ata 15 horas diárias, desde as sete da mañá ata as dez da noite. Cando hai moitos pedidos, non teñen nin sequera un día libre. Nun principio, McDonald's rexetou todas as acusacións, pero cando se demostrou que nas fábricas traballaban máis de cen nenos de entre doce e trece anos, e que o facían doce horas ó día, e cando o tema comezou a cobrar interese máis alá da prensa local, McDonald's enviou un equipo de investigación. En lugar de usar o seu poder para mellorar as condicións de vida dos traballadores e os nenos, McDonald's cancelou todos os pedidos á fábrica que contratará ós nenos e trasferiuños a outras sinaturas. Noutra das fábricas proveedoras de xoguetes da Caixinha feliz, a Key Hinge Toys de Vietnam, produciuse en 1997 unha intoxicación masiva con acetona: 220 dos mil empregados resultaron afectados. A fábrica negouse a pagar o custo do tratamento médico, pese a que as traballadoras gañaban a penas seis céntimos de euro por hora (cunha xornada media de dez horas, os sete días da semana). En abril do 2002 a BBC emitiu un informe sobre escolares de 15 a 16 anos que traballaban, ademais, en filiais de McDonald's, en ocasións ata as dúas da madrugada. Unha escolar de 15 anos traballaba os sábados desde as oito da mañá ata a 1.20 do domingo.



Levi's Strauss

Os texanos de culto

No mercado dos texanos, Levi Strauss é o número un indiscutido. Sen embargo, a empresa ten soamente 21 fábricas propias. A maior parte destes pantalóns de culto cósense en máis de sesenta países, nas máis de seiscentas fábricas proveedoras. Levi's Strauss foi unha das primeiras empresas que, co seu Global Sourcing & Operating Guidelines, estableceron pautas ós seus proveedores para marcar as condicións laborais. Non obstante, continúan existindo enormes irregularidades. Por exemplo, no ano 2000, unha costureira indonesia de nome Emilia contaba que nas fábricas Yulinda Duta Fashion e Sandrafine, o xornal era inferior ó salario mínimo establecido por lei. Tamén sinalaba que os calendarios de traballo inclúen ata 75 horas semanais. Pero que ningunha das mozas se atreve a protestar porque poderían despedilas. En setembro de 1999, o periódico 'Sunday Times' informou de que nunha fábrica proveadora de Levi's en Bulgaria as mulleres era sometidas a humillacións e presións constantes. A costureira Ruzkhova, de 38 anos, contou que cando finalizaban a súa quenda de traballo, as empregadas (arredor de 150) era obrigadas a espírse ante a dirección da empresa. Ó parecer, facíano para evitar roubos. Ruzkhova rexitou espirse e foi despedida de inmediato. Ademais vulneráronse outros dereitos laborais, por exemplo mediante a imposición de horas extras obligatorias. Cando estes feitos saíron á luz, a empresa interveu ante o seu provedor búlgaro. Pero ata o día de hoxe non existe un procedemento de control transparente, institucionalizado e independente. A gran demanda de texanos tamén ocasiona un enorme dano ambiental. Cos seus 34 millóns de hectáreas, a industria algodoeira utiliza o 5% das superficies agrícolas de todo o mundo, sobre todo en países que necesitarán imperiosamente desas terras para fornecer de alimentos a poboación. O 25% da produción mundial de pesticidas destínase ás plantacións de algodón e produce neles, todos os anos, un millón de casos de intoxicación entre os colleiteiros. De máis está dicir que as reservas de auga potable tamén foron afectadas. A finais de 2002, 350 traballadoras manifestáronse contra a empresa tailandesa Bed and Barth Prestige Company, que produce para as multinacionais Nike, Levi Strauss, Adidas e Reebok. Os propietarios debían ás traballadoras soldos e compensacións por un valor total duns 400.000 euros. Chegaron a ofrecerles auga con anfetaminas para puidesen traballar ata ben entrada a noite. Mesmo nos casos de enfermidade ou embarazo debían seguir traballando. En www.clean-clothes.org está aberta a campaña Roupa Limpa contra Levi's.



General Motors

O xigante do automobilismo

General Motors (fundada en 1908) é a empresa automobilística más grande do mundo, con máis de trinta mil plantas proveedoras en 50 países. GM ten máis de 260 filiais e socios comerciais de grande importación. Entre estes últimos atópanse Fiat, Isuzu e Suzuki. A subsidiaria máis importante fóra de Estados Unidos é a alemana Adam Opel AG, fundada en 1862, que pertence a General Motors desde 1929. General Motors recibiu múltiples críticas por mor da elevada emisión de gases tóxicos (por exemplo, monóxido de carbono) nos seus vehículos. Mesmo, en 1995, a empresa tivo que pagar unha multa de 11 millóns de dólares por violar unha lei ambiental en Estados Unidos, a chamada Clean Air Act. General Motors tamén foi cuestionada por integrar a Global Climate Coalition. Este grupo de presión económico é o principal responsable de que Estados Unidos non acepte os necesarios e urxentes acordos de Quioto sobre protección climática.

Xunto con Ford e Chrysler, General Motors constitúe un dos principais explotadores das maquiadoras do Norte de México. Trátase de centros de producción situados en zonas de libre comercio, onde se fabrican bens para os países industrializados a cambio de salarios extremadamente baixos e en condicións sociais miserables. A miúdo os salarios non chegan para cubrir as necesidades más elementais en canto a alimentación e vivenda, e moitos menos para vivir dignamente cando se ten unha familia. Ademais, os traballadores queixáanse pola enorme cantidade de horas extras que ten que realizar.

En novembro de 2000, Multinational Monitor (unha publicación web estadounidense) revelou que os traballadores da GM en México utilizaban as mesmas ferramentas que en Estados Unidos para fabricar cristais, pero sen os dispositivos de seguridade necesarios para previr a amputación de extremidades. Motivo: a produción debía acelerarse. Ademais, igual que Ford, General Motors cumple un papel bastante indecoroso con respecto á reparación ás persoas que realizarán traballois forzados na súa filial alemana durante o Terceiro Reich. Ó termo da Segunda Guerra Mundial, ambas as dúas empresas argumentaron que naquela época perderan totalmente o control sobre as súas filiais alemanas, e que, polo tanto, non eran responsables da participación de Ford e Opel na economía de guerra nin do emprego destes traballadores. Con esta versión dos feitos, General Motors conseguiu imporse ós historiadores críticos nos tribunais de Estados Unidos.



Donna Karan

Glamour sobre explotación

Donna Karan é unha das deseñadoras de moda más famosas do mundo. Entre as súas clientas hai celebridades tales como a actriz Susan Sarandon, a cantante Barbra Streisand e a ex primeira dama Hillary Clinton. A empresa foi fundada en 1984 en Nova York. A marca rexistrada de Donna Karan son os vestidos sínxelos e elegantes para mulleres de negocios. A finais da década dos noventa, a firma sufriu dificultades por causa da súa mala xestión; e en abril do 2001 foi mercada por algo menos de 250 millóns de euros, por LVMH Moët Hennessy Louis Vuitton SA, unha multinacional francesa dedicada a artigos de luxo. Desde entón non hai datos de vendas e beneficios separados para a empresa filial. Non obstante, Donna Karan continúa sendo unha marca independente. A finais dos anos noventa, Donna Karan New York recibiu unha morea de críticas debido ás desastrosas condicións laborais que rexían nas súas fábricas. Aquí o relato de Kwan Lai, obreira dunha das fábricas de DKNY: "Comecei a coser roupa de DKNY en 1992. Aquilo era como un cárcere. Todo o tempo debíamos manter a cabeza gacha. Non se podía mirar arredor. Ningún podía falar. ¿Imaxina o que era iso? Unha sala enorme, ateigada de obreiras, e todas coa cabeza agachada. Tres cámaras de vixilancia controlaban todo. Cando saímos da fábrica, revisábannos os bolsos. Os lavabos xeralmente estaban pechados. Non podíamos beber auga en todo o día. Non se podía chamar por teléfono, nin sequera en casos de urgencia. Eu xa estaba bastante acostumada ás malas condicións laborais, porque son de Hong Kong, pero aquí, en Estados Unidos, era ainda peor". No verán de 2000, Donna Karan ocupou os titulares dos periódicos de todo o mundo, non polos seus deseños ousados, senón porque as operarias chinesas que traballaban nas fábricas de Nova York iniciaran unha demanda xudicial. Os cargos: xornadas de entre 70 e 80 horas semanais, sen recoñecemento das horas extras. Un avogado de EEUU presentou unha demanda colectiva en nome de máis de trescentas traballadoras: reclamábanse horas extras impagadas por unha cifra equivalente a máis de tres millóns de euros. Donna Karan alegou que descoñecía cales eran as condicións nas súas propias fábricas e que as mesmas non formaban parte dun ámbito de responsabilidade. O avogado que representaba ás traballadoras cualificou esa afirmación como unha escusa, e informou de que Donna Karan inspecciona regularmente as fábricas para someter os seus vestidos a controis de calidade. No verán do 2003, Werner e Weiss realizaron consultas sobre a situación xurídica da empresa, sen recibir resposta.



Walt Disney

Lado escuro da fábrica de soños

Todos coñecemos ós famosos personaxes de Disney. Orato Mickey, creación do xenial debuxante Walt Disney, fixo a súa aparición en 1928; o parrulo Donald, en 1934. Na actualidade, a Walt Disney Company é unha xigantesca multinacional da creatividade, con parques de entretemento como Disneylândia, os estúdios cinematográficos Miramax e a cadea televisiva ABC News. É unha pena que esta compañía, que alegrou tanto a nosa vida, tamén teña un lado escuro. Algunxs bonecos de plástico de Disney fabricanse en Asia, en condicións tales que un desexaría que só fóra parte dun filme de Disney e que pronto chegase o final feliz. Lamentablemente a realidade é outra. Unha investigación estatal en Canadá descubriu no ano 2001 unha situación espantosa na empresa provedora de Disney KTBA Inc. de Lagoa Hills (California); uns 800 traballadores fabricaban alí diademas e variñas máxicas por un salario medio de 1,35 dólares a hora. O salario mínimo fixado en California é de 6,25 dólares. Na fábrica traballaban nenos entre 7 e 15 anos. A Walt Disney Company alegou que onon era responsable, pero a mediados de decembro do 2001 declarouse disposta a pagarles 903.000 dólares de indemnización ós traballadores. Durante varios anos, ata o outono de 2002, nunha empresa provedora de Walt Disney en Bangladesh deuse a seguinte situación: as traballadoras debían coser camisolas de Disney en xornadas de 14 a 15 horas e eran golpeadas con frecuencia polos supervisores. Recibían como retribución 5 centavos de dólar por camisola, que a multinacional vendía logo por 17,99 dólares (o que supón unha porcentaxe de 0,25% por camisola). Cando organizacións como o estadounidense National Labour Committee comenzaron a facer público este estado de cousas, Walt Disney suspendeu todos os encargos ás empresas provedoras. A presión pública conduciu a que os propietarios da empresa mellorassen de súpito as condicións de traballo. En outono de 2002, a consecuencia dunha investigación da International Transport Workers Association, coñecéronse as condicións en que debían traballar os empregados de cruceros de luxo de Walt Disney, como, por exemplo, Disney Magic: os empregados tiñan uns horarios de traballo extremadamente longos – ata 16 horas diárias sete días á semana – e ademais estaban mal pagados. A comezos do 2001, consumidores críticos de Hong Kong publicou un informe dos terribles abusos das plantas chinesas que fabrican os produtos da Walt Disney Company ata 18 horas de traballo por día, os sete días da semana, durante meses e meses de forma ininterrompida. Irregularidades que se repiten en China e na illa de Macau.



Deutsche Bank

A banca abre xogo

O Deutsche Bank é unha das empresas pioneras na prestación de servicios financeiros internacionais, con doce millóns de clientes en 75 países. A isto debe agregarse unha gran cantidade de sociedades nacionais e estranxeiras, que inclúen bancos, empresas de valores e financeiras. A banca de investimento e o negocio con clientes corporativos aparecen como áreas de crecemento. O Deutsche Bank protagonizou algunas prácticas cuestionables desde o punto de vista ético. Por exemplo, no ano 1999, unha comisión de investigación parlamentaria do Senado brasileiro acusouno de lograr ganancias especulativas a través de información interna obtida de forma ilegal. Segundo o informe, o banco efectuara operacións a prazo vantaxosas, aproveitándose da crise monetaria de Brasil, un país fortemente endebedado. Apoiado polo seguro Hermes do goberno federal alemán, o Deutsche Bank outorgoullos numerosos créditos a países en vías de desenvolvemento para financiar proxectos arriscados ou eticamente sospeitosos. Con esta política, non fixo máis que aumentar a xigantesca débeda dos devanditos países. Deste modo, mentres os riscos e as perdas recaen sobre os contribuíntes alemáns, o banco séguese lucrando cos endebedamentos nacionais xeneralizados, que logo obrigan a realizar recortes nos orzamentos sociais e educativos. En 1996, o Deutsche Bank contribuíu a financiar a explotación dunha mina de cobre e de ouro en Papúa Occidental (Indonesia). Durante a xestión rexistráronse graves violacións dos dereitos humanos e unha xeneralizada destrucción do ecosistema. Non só os maltratos estiveron á orde do día, senón que ademais as tropas militares de Indonesia expulsaron pola forza os poboadores locais. En cambio, axudou a recuperarse ó réxime do apartheid, que se encontraba nunha situación moi difícil en 1985, mediante conversións de débeda e créditos a longo prazo. O parecer, existe un proxecto para extraer ouro na península grega de Chalkidiki. O custo deste proxecto ascende a 270 millóns de euros, e o maior investidor, cuña achega de 185 millóns, é o Deutsche Bank. A técnica que se utilizaría sería a mesma que en febreiro do 2000 provocou a catástrofe de Baia Mare (Romanía). Por esa razón, os habitantes do pobo de Olympiada opónense con protestas, bloqueos e recursos xurídicos. O principio recibiron por responsa durísimas medidas represivas. Pero en abril do 2001 a xustiza grega decidiu revogar todos os permisos para o discutido proxecto. Mientras os beneficios soben, os postos de traballo baixan: no ano 2001 o banco ocupaba en todo o mundo a 98.000 persoas. Reduciuse en máis de 20.000



Daimler-Chrysler

Coches no negocio do armamento

A multinacional do automóbil Daimler-Benz fusionouse en 1998 co consorcio automobilístico estadounidense Chrysler para formar a multinacional Daimler-Chrysler. Este grupo ocupou os titulares dos periódicos debido ás perdas multimillonarias de Chrysler no ano 2000. O presidente do consello de administración Jürgen Schrempp anunciou seguidamente a eliminación de 26.000 postos de traballo en Chrysler, e de 9.500 postos na filial xaponesa Mitsubishi, na que Daimler-Chrysler tiña unha participación do 37,3% (así como en Hyundai, en Corea). Sen embargo, as vendas alcanzaron cifras de marca: 4 millóns de automóbiles vendidos en 2002, ós que hai que engadir 485.000 vehículos industriais. Pero esta multinacional non só vende automóbiles. Daimler é, co 33% o principal accionista da European Aeronautic Defense and Space Company (EADS), que recibiu do Ministerio de Defensa francés o encargo para o desenvolvemento do programa M51. Segundo informacions de expertos en armamento, este programa forma parte do programa nuclear francés, que se apoia no emprego de misiles submarinos. Segundo se afirma nunha nota publicitaria: "O M51 é un míslil de tres fases cun peso total de máis de 50 toneladas. O sistema ten en conta a evolución no ámbito da disusión e as novas formas de defensa. O míslil M51 está equipado con numerosas cabezas explosivas". Cabezas nucleares, como especifica o texto más adiante. Hai dez anos o consorcio redactaba aínda directrices que prohibían ós traballadores de Daimler participar na fabricación de armas atómicas de destrucción masiva. Sen embargo, co M51 Alemaña, como estado asinante do Tratado de non Proliferación Nuclear, se verá incluída nas feiras de armamento de misiles atómicos. Os prospectos distribuídos nas feiras de armamento tamén promocionan as minas terrestres Muspa e Miff, que segundo algúns críticos deben cualificarse como minas antipersona. Segundo a German Initiative to ban Landmines, a mina Muspa, cuxo sistema sensor reaccioná ó ruído ou o contacto, viola os acordos dos tratados internacionais. Por iso Italia, un país da OTAN, desbotou estas minas e destruíu as existencias. Durante a dictadura arxentina (1976-1983) desapareceron na sucursal da multinacional alomenos 14 membros incómodos do comité de empresa. Ó parecer, sobre todos os xefes de producción que ocupaba o cargo na época, deu nomes e direccións destes traballadores ós militares. Desde hai xa tres anos a Fiscalía de Núremberg instrúe un sumario contra a sucursal arxentina de DaimlerChrysler e o xefe de produción por colaboración ó asasinato.



rdl | 7
Galicia Hoxe 26/02/04

Coca-Cola

A palabra de todas as lingua

Despois de O.K., Coca-Cola é a palabra máis comprendida en todo o mundo. O valor da marca Coca-Cola calcúlase en 68.000 millóns de dólares –é dicir, máis do triple das vendas da multinacional– En máis de 200 países, a xente calma a súa sede diariamente máis de mil millóns de veces con produtos da casa Coca-Cola. En total son 90.000 millóns de litros ó ano. O 20 de xullo de 2001, o sindicato colombiano Sinaltrainal presentou en Florida, co apoio do estadounidense United Steel Workers of America e o International Labor Rights Fund, unha demanda contra Coca-Cola e os seus socios en Colombia. Segundo se afirma na demanda, escuadróns da morte paramilitares, que cometean asasinatos, secuestros e torturas contra membros do sindicato, fixérano como axentes da empresa demandada. Cinco sindicalistas foron asasinados e outros 65 foron ameazados de morte. En total, máis de 1.800 membros dos sindicatos foron asasinados en Colombia na última década. O 31 de marzo de 2003, o sindicato conseguiu unha victoria parcial: o xuíz federal admitiu a demanda contra as empresas colombianas envasadoras de Coca-Cola Bebidas e Alimentos e Panamerican Beverages, pero contra o propio consorcio. En Panamá, no outono de 2002, 8 sindicalistas foron despedidos; incumpriendo o contrato, da envasadora local de Coca-Cola por ter reclamado mellores condicions de traballo. Unha gran parte do concentrado de zume de laranxa elaborado por Coca-Cola (Cappy, Minute Maid) procede de Brasil. Alí os traballadores e traballadoras das plantacións a miúdo cobran menos de 12 euros diarios. Deste modo a maioría se encontran en torno a un tercio por embaixo do mínimo vital local que sería necesario para alimentar unha familia. Por iso en moitos casos tamén os nenos deben axudar no traballo, con frecuencia, sufrindo danos graves e permanentes na súa saúde. Naturalmente os consorcios empresariais aseguran que os seus provedores non empregan a nenos. Sen embargo, resulta difícil controlalo. O 8 de agosto de 2001, Coca-Cola foi condenada a pagar 192,5 millóns de dólares en Estados Unidos por discriminación racial de traballadores e traballadoras afroamericanas. Tratábase do caso de maior envergadura na historia de EEUU. Segundo a BBC, Coca-Cola contaminou no 2003 grandes superficies agrícolas no sudoeste indio con produtos químicos altamente tóxicos e en parte cancerígenos, como o chumbo e o cadmio. Ademais, reprobóuselle á multinacional o seu esaxerado consumo de auga, que provocou unha seca con consecuencias catastróficas na agricultura local. Nas protestas foron detidas 300 persoas.



Chicco

En cada lugar onde hai un bebé

Chicco é parte do grupo italiano Artsana, que desenvolve as súas actividades en todo o mundo cunha duxía de marcas. En Alemaña, por exemplo, as marcas máis coñecidas con Chicco e Prénatal, que comercializan un sen número de produtos para embarazadas, bebés e nenos de curta idade. Artsana atópase no mercado desde hai máis de 40 anos. Prénatal, pola súa parte, é a marca que posúe máis tendas exclusivas de artigos para bebés e empráñadas en toda Europa. O 19 de novembro de 1993 declarouse un incendio nunha das plantas proveedoras que Chicco ten en China: a Zhili Handicraft Factory. Os 200 empregados tentaron fuxir. Pero só uns poucos puideron salverse. Porque para evitar que os empregados roubasen mercadorías, a fábrica fora asegurada como un cárcere: as ventás tiñan reixas e as saídas de emergencia estaban bloqueadas. O edificio tamén servía de almacén, polo cal as lapas se estenderon rapidamente. No incendio, 87 persoas morreron calcinadas e 47 sufrieron feridas graves. O parecer, os dous directivos que pecharon ós seus empregados tralas reixas agora están a cargo dunha nova planta, que tamén fabrica artigos para Artsana S.p.A./Chicco. En 1997, Artsana S.p.A./Chicco mostrouse disposta a pagar ós damnificados unha cifra equivalente a 155.000 euros. Pero, ata o momento, ningunha das vítimas recibiu un céntimo por parte da empresa italiana. A finais de 1999, a empresa informou a través dos seus avogados de que o diñeiro xa se usaba para proxectos sociais. É importante aclarar que ditos proxectos non gardaban relación co incendio. Trátase, sen dúbida, dunha clara malversación dos fondos destinados ás víctimas. Por este motivo, a Toy Coalition of Hong Kong iniciou unha campaña internacional para boicotear os xoguetes da marca Chicco e obrigar á empresa a pagar as indemnizacions correspondentes. Na súa páxina de Internet, Artsana S.p.A./Chicco ("Estamos en cada lugar onde hai un bebé") destaca con orgullo o código empresarial vixente desde 1998. Alí obrégase a todas as fábricas a respectar de maneira especial as normas relativas a horarios de traballo e remuneración, contratación de menores de idade e coidado da saúde de todos os empregados.

Q:
Who will be designing & patenting research at the Keck Graduate Institute?

A:
Bayer Corporation, who performed medical experiments in Nazi Concentration Camps & didn't apologize until forced to in a 1994 lawsuit.

STOP CORPORATE CONTROL OF EDUCATION

Bayer

Colaboradora co nazismo

Bayer é unha das empresas máis grandes do mundo do sector químico e farmacéutico. En 1925 uniuse a outras empresas químicas para formar a IG Farben. Esta multinacional colaborou cos crímenes do nazismo, por exemplo empregando unha gran cantidade de traballadores estranxeiros, prisioneiros de guerra e persoas sometidas a traballo forzado; e fabricando o gas Zyklon B, para aniquilar xudeus nos campos de concentración. 'Despois da Segunda Guerra Mundial, a IG e Hoechst'. Ningunha das tres empresas indemnizou adequadamente ás víctimas. Nos noventa, Bayer financiou dous grandes ensaios clínicos nos cales se probou o antihipertensivo chamado nitrendipina. Durante anos, miles de pacientes non recibiron ningún medicamento eficaz, senón un placebo. Bayer e os médicos involucrados arriscáronse así a que numerosos pacientes sufrisen ataques de apoplexia ou infartos de miocardio. En agosto de 2001, Bayer explicou que estes tests foran autorizados por comités de estudios independentes. A comezos de 2001, Bayer e outras 38 empresas da industria farmacéutica demandaron ó goberno sudafricano por violar o dereito de patentes. ¿Cal era o delicto dos sudafricanos?: en 1997 aprobaron unha lei que permitía tratar ós enfermos de sida con medicamentos baratos. En maio de 2003, un bafe de avogados de California (EEUU), presentou unha demanda conxunta contra Bayer en nome dos enfermos hemofílicos. A imputación: Bayer vendería nos anos oitenta preparados coagulantes infectados co VIH ou hepatite C. Bayer rexeitou esta acusación e explicou que se ativera ás normas existentes na época. A filial de Bayer H. C. Starck adquiriu durante anos mineral de coltan congolés, e dese modo, segundo a ONU, contribuíu substancialmente ó mantemento da guerra, que desde 1998 custou máis de 3,3 millóns de vidas. Tralas investigacións da ONU tivo que recoñecer as importacións do Congo. Cincuenta escolares dunha poboación dos Andes resultaran envenelados polo pesticida de Bayer Foliodol. Morreron 24 nenos. Un estudio do 2003 apunta que Bayer –un dos maiores fabricantes de medicamentos veterinarios– Monsanto, Unilever e Syngenta se beneficiaban da explotación de nenos na produción de semente na India.